

Acta núm. 15/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 09 de xuño de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 09 de xuño de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2020, DO 03.06.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) RENUNCIA DE LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) MODIFICACIÓN DE LICENZA OBRA MAIOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 14/2020, DO 03.06.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 03.06.2020, acta núm. 14/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA MARÍA VIDAL CAAMAÑO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Paseo de Pedrouzos nº 22 – Brión, substituíndo as tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6357807NH2465N0022UX) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 50,80 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 115,37 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO LAGO SANMARTÍN, na que comunica que vai construír un peche, con postes de ferro e arame, de 16 metros de lonxitude aproximadamente, en contacto coa vía pública e ata unha altura de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo, no lugar de Saime – Bastavales.

A parcela na que se van a executar as obras (4927109NH2442N0001PJ), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase dentro da aldea de Saime, incluída no

catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como XBE3, e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

O Sr. Concelleiro Lago Sanmartín abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,30 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,87 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBÉN DIÉGUEZ GALEGO, na que comunica que vai pavimentar con formigón impreso o espazo privado exterior da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa nº 19 – Os Ánxeles.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6246143NH2464N0001PD) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,17 euros.

TERCEIRO.- RENUNCIA DE LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA, S.A. na que comunica ao Concello a renuncia á licenza de obra menor concedida pola Xunta de Goberno Local con data 23.05.2017, para realizar unha acometida de gas sobre canalización existente, para dar subministro de gas natural a unha vivenda da rúa Senra 14, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 23.05.2017 de concesión de licenza para dar subministro de gas natural a unha vivenda da rúa Senra 14, Os Ánxeles.

2º) Devolver o imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) deste expediente pagado polo interesado, por importe de: 4,56 euros.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

CUARTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Miguel Serrano Gómez, que di actuar en representación de MARÍA VERÓNICA BAAMEIRO ROMERO, na que solicita a modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 29/06/2017, para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de O Casal 28- San Fins de Brión, para o que presenta: Modificado do proxecto básico e de execución, redactado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, visado no Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 10.10.2019 (n.r.e.: 1503244).

A modificación pretendida consiste en:

- Modificación das superficies da planta soto, baixa e baixo cuberta.
- Redistribución da planta soto, baixa e baixo cuberta.
- Modificación do aspecto exterior da edificación.
- Modificación das alturas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (Clave DH.W15.67485), da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Expte: 420/16), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 0,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 73,71 euros.
- Total: 73,71 euros.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,42 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González